

ADXUDICACIÓN

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI Galicia, SA) convocou un Procedemento Aberto para a contratación da obra, “**OBRA230101 - Renovación extraordinaria do pavimento na Autoestrada AG-53. Alto de Santo Domingo A-52. Tramo: Enlace de Cea - A-52**” cumpríndose os trámites en materia de contratación, así como os requisitos establecidos no Prego de Bases.

Realizados os estudos pertinentes pola Mesa de Contratación, e de acordo coa proposta formulada pola mesma o Consello de Administración de SPI-Galicia na reunión celebrada o día 8 de maio de 2024, clasificou (por orde decrecente) as proposicións presentadas polos licitadores non excluídos. Presentada a documentación en prazo por parte da empresa clasificada en primeiro lugar.

O Presidente de SPI Galicia, SA resolve:

Primeiro.- Adxudicar o conrao á **UTE CIVIS GLOBAL-COVSA** por un importe de **tres millóns seiscentos oitenta e un mil novecentos cincuenta e oito euros e cinco céntimos (3.681.958,05 €) IVE non incluído**, cunha baixa do **14,90%**, e un prazo de execución de **4 meses** por ser a que mellor puntuación obtivo no baremo

Segundo.- Que pola empresa adxudicataria se proceda á firma do contrato na contía, forma e prazos que determina o Prego de Bases.

Terceiro.- Contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso en materia de contratación de acordo co estipulado na LCSP segundo se recolle no apartado 2.1. do Prego.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Presidente do Consello de Administración de SPI-Galicia, S.A.
Francisco Menéndez Iglesias